



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

José Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: Listaxe definitiva de persoas admitidas na convocatoria do servizo de Madrugadores CPI San Vicente da Baña - Curso 2023/2024

Expte. TEDEC: 2023/S012/000001 (Convocatoria)

Expte. TEDEC: 2023/G003/000542 (Decreto)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vista a ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo “ A Baña Madruga” publicada no Boletín oficial da Coruña o 17 de decembro do 2019 e que poden ser consultadas na seguinte ligazón:

<https://sede.dacoruna.gal/subtel/ordenanzas/ordenanza/12989>

Vista a resolución de Alcaldía, con número de decreto 460/2023, de data 22 de agosto de 2023, mediante a que se aproban as bases e a convocatoria do proceso de admisión do servizo de conciliación A Baña Madruga para o curso 2023/2023, e que foi publicada o 28 de agosto do 2023 no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na Sede electrónica Municipal e na web do Concello da Baña.

Visto que se procedeu á valoración da documentación achegada no período establecido na convocatoria para a listaxe, tal e como reflicte o informe da educadora familiar de data 05/09/2023.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Aprobar a listaxe de admitidos/as no programa “A Baña Madruga 2023/2024”, non sendo precisa a corrección de erros e non existindo persoas excluídas. Dita listaxe é a recollida a continuación:

ORDE	INICIAIS	Nº EXPEDIENTE
1	X.M.B	2023/S013/000002
2	M.A.F.B	2023/S013/000003
3	E.P.G	2023/S013/000004
4	M.P.G	2023/S013/000005

Segundo: .Establecer que o servizo responsable da coordinación deste programa poña en coñecemento da área económica os datos precisos para a realización dos cargos ós que se refire o punto 6 das bases reguladoras nos momentos que corresponda.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Terceiro: Acordar que o prazo de inscricións do servizo permaneza aberto durante todo o curso escolar por non superar o límite de persoas inscritas, de acordo coas bases da convocatoria e tendo en conta que se procederá a informar da aceptación ou exclusión de xeito individual.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.